

Historia do Ravachol.



Corría o ano 1880 cando o farmacéutico **Perfecto Feijoo** voltou de Madrid tras tres anos de prácticas, e decidiu adquirir a botica da rúa Peregrina. A botica convertiuse de seguido nun importante **punto de tertulia**, onde asistirían persoeiros coma Emilia Pardo Bazán, Eugenio Montero Ríos, ou Miguel de Unamuno.

É en 1891 cando un profesor de música amigo de D. Perfecto regálalle tan exótico animal. Trátase de Martín Fayes que ostentaba o cargo de director da banda militar do rexemento de infantería de Guillarei-Tui, moi próximo á fronteira con Portugal.

Antes de que se cumprise un ano da súa chegada á cidade, todos os veciños coñecíanco co nome dun famoso revolucionario francés. **François Ravachol** era un anarquista que ademais de alborotador gañouse a fama de temido terrorista por uns atentados realizados con dinamita. É o propio don Perfecto bautizouno co nome de Ravachol, dadas as súas mostras de rebeldía e carácter alborotador.

Era moi apreciado na cidade polos **seus afamados diálogos e expresións**, non sempre correctas, pois era mal falado. **Tiña unha chea de frases e expresións**, algunhas coma "se collo a vara", "aquí non se fía", "vaite de aí, lambón".

O 26 de xaneiro de 1913 falece o Papagaio. Dise que a causa da súa morte foi un empacho de biscoitos mollados en viño. A sociedade pontevedresa envólvese dunha triste sensación de dor e organízase para despedir ao referente máis emblemático da cidade. O cadáver foi embalsamado e exposto na farmacia que se abarrota polas mostras de dor dos pontevedreses. A Don Perfecto chéganlle telegramas de toda a xeografía española.



A farmacia queda pequena e é a sociedade de artesáns a que instala unha capela ardente.

Ademais da cidadanía acoden todas as autoridades civís e militares, a noticia comoveu á cidade e comarca.

Fixan a data do enterro para o día 5 de febreiro, mércores de cinza. Publícase un bando onde solicitan a asistencia ao enterro

"disfrazado cada un á súa maneira e portando un farol fúnebre". Encabeza a comitiva unha ducia de xinetes, e componse de bandas de música, comparsas, carrozas e miles de paisanos que en desfile se dirixen ao Circo-Teatro da Alameda. Finalmente foi soterrado nunha finca que o boticario tiña en Marcón.

É partir do ano 1985 cando se recupera a súa memoria, organizándose unha incineración da súa imaxe para o venres da semana de Entroido. E o venres 19 de febreiro tocou chorar pola morte do loro de máis sona do noso país.

No ano 2007 tramítase ante o "Consello Mundial da Fama" a solicitude para que se declare ao papagaio Ravachol como "O PAPAGAIO MÁIS FAMOSO DO MUNDO". Consequiuno por méritos máis que demostrados e por estar vacante a praza.



1. De que trata a historia?
2. Quen era Perfecto Feijoo?
3. En que se converteu a súa botica? Quen se reunía alí? Saberías dicir un sinónimo, busca no dicionario se o precisas.
4. Que ocorreu en 1981?
5. Que nome lle puxeron o papagaio e por que?
6. Por que era famoso na cidade?
7. Cando faleceu? Cal se di que foi a causa da morte?
8. Resume todo o que aconteceu trala a súa morte.